BLOQUE 2

O MUNDO QUE NOS RODEA

Como é a Terra

Nome _____ Data _____

Os nomes dos continentes

Sabías que os nomes de Europa, Asia e Oceanía teñen a súa orixe na mitoloxía da Grecia antiga?

Europa era unha ninfa da que se namorou o deus Zeus. Este, transformado en touro, raptouna e levouna a Creta.

Oceanía provén do deus Océano. Para os antigos gregos, a Terra era un disco rodeado por un gran río, personificado no deus Océano. Os seus fillos representaban os ríos e os lagos.

O nome de Asia deriva dunha deusa que naceu da unión do deus Océano e a deusa Tetis, nai das fontes e dos ríos.

Non está clara a orixe do nome de África. Algúns cren que provén do grego *aprica*, que significa «exposto ao Sol»; outros, do termo *a-rhigos*, «sen frío».

O nome de América procede do navegante italiano Américo Vespucio, que se decatou de que as terras descubertas por Cristovo Colón formaban parte dun continente inexplorado ata entón.

A Antártida deriva da palabra grega *antartikos*, en oposición a *artikos*, que significa «da osa», pola súa relación co polo norte (Osa Menor).

1 **Le o texto e contesta.**

- Que significan estas palabras?

  Mitoloxía: É un conxunto de mitos dunha cultura, un pobo. unha relixión…

  Ninfa: Cada unha das fabulosas deidades das augas, bosques,selvas…

- De onde provén o nome do continente en que vives?

  Europa era unha ninfa da que se namorou o deus Zeus. Este, transformado en touro, raptouna e levouna a Creta.

- E o nome do continente americano? _____

  Procede do navegante italiano Américo Vespucio, que se decatou de que as terras descubertas por Critovo Colón formaban parte dun continente inexplorado ata entón.

Material fotocopiable © 2015 Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

2 **Colorea de vermello os continentes con nomes derivados da mitoloxía grega e, de verde, os restantes. Despois, escribe o seu nome sobre cada un.**



3 **Que océanos bordean estes continentes?**

- Europa: Atlántico e Glacial Ártico
- Asia: Pacífico, Índico e Glacial Ártico
- América: Pacífico e Atlántico
- África: Índico, Atlántico e Antártico
- Oceanía: Pacífico, Índico e Antártico
- Antártida: Antártico

4 **Un astronauta enviou esta fotografía da Terra desde o espazo. Responde.**

- Que continentes se ven?

  África, Europa, Ásia e Oceanía.

- E que océanos recoñeces?

  Índico, Atlántico, Glacial Ártico, Pacífico e Antártico

Material fotocopiable © 2015 Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.